

# Famosos descoñecidos

O regalo, na infancia, dunha enciclopedia sobre un país imaginario, Gurzonía, excita na fantasía do autor as arelas de completar -coas súas linguas e os seus pobos errantes, coa súa relixión, os seus xornais e as súas guerras- ese mundo inventado que dende aquela o acompaña e que mestura co mundo real. Así, áinda que a novela se presenta coma a tradución da biografía de Entelequio Culebrius, o heroe gurzónio que a comezos do século XX conseguiu converter aquel reino en república, deixa tamén vislumbrar outros tempos escuros, más modernos, no noso propio país. A obra recolle, en ton humorístico-didáctico, a vida exemplar do citado mozo no Instituto Medio da capital, Mimbrano, modelo de disciplina e talante liberal, onde se subliña a importancia da educación holística, académica e cívica, para a formación de cidadáns responsables.

Persoalmente, e malia as súas innegables virtudes, Culebrius non conseguiu caerme simpático. Se cadra, polo seu aire de neño "Juanito", neste caso co-



ma pa-  
radigma dun  
nobre, culto e bo  
revolucionario -un pouco  
marxista coma Groucho e

*Con exceso de parénteses*



DOLORES MARTÍNEZ TORRES

outro pouco como Karl-, que ade-mais de laureado poeta é fillo obedi-ente, excelente amigo e mártir de corazón puro que non dubi-da en in-molar-se para sal-var á súa patria do malvado ditador, sem pre tan oportuno a es-tes efec-tos.

D e certo que h a b e r á quen se entreteña en descifrar as claves desta historia de disfraces e

bromas privadas; quen se divirta ao recoñecer os personaxes e as circunstancias que, convocados a actuar na peza máis ou menos de incógnito, se presumen tras os nomes ficticios. Mais, tamén, creo que as case 300 páxinas da novela -un relato pormenorizado de case todo, construído con avasaladora prolixida-de de detalles e personaxes secundarios- poden poñer a proba a paciencia dos que non se contaxien do seu peculiar humor -baseado nun cóctel de retórica académica, irónicos cultismos e desmesura oratoria-, e mesmo facer desistir aos que non se acomoden ao seu dilatado tempo interno, a esos longos períodos que componen parágrafos compactos mentres a acción avanza morosamente, alambicada entre múltiples parénteses. Que Gurzonía non é Tlön, fica claro; mais, en calquera caso, velaquí un exercicio narrativo que practica a "intelixencia de inventar famosos descoñecidos".

ÁLVAREZ CÁCCAMO,  
*Alfonso, A revolución dos globos, Ed. Galaxia, Vigo, 2008, páxinas.*